

LATÍN II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corríxirán as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que puede responder un MÁXIMO DE 2. Si responde a más preguntas de las permitidas, solo se corregirán las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e/y gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

Guerra dos romanos contra os galos / *Guerra de los romanos contra los galos*

Titus Quintius dictator adversus Gallos, qui ad Italiam venerant, missus est. Hi ab urbe quarto miliario trans Anienem fluvium conserderant. Ibi nobilissimus de senatoribus iuvenis Lucius Manlius provocantem Gallum occidit. Galli fugati sunt; mox per Sulpicium dictatorem victi sunt.

Anien -enis *m.*: Anio (río do/del Lacio)

1.1. Traduza o texto / Traduzca el texto (4 puntos).

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).

PREGUNTA 2. Textos e/y gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

O rei Servio Tulio / *El rey Servio Tulio*

Postea Servius Tullius suscepit imperium, genitus ex nobili femina, captiva tamen et ancilla. Hic quoque Sabinos subegit. Primus omnium censum ordinavit, qui adhuc per orbem terrarum incognitus erat. Occisus est scelere generi sui Tarquinius Superbi.

2.1. Traduza o texto / Traduzca el texto (4 puntos).

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).

PREGUNTA 3. Textos e/y gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

A gralla vaidosa e os pavóns / *El grajo vanidoso y los pavos reales*

Tumens inani graculus superbia,
pennas, pavoni quae deciderant, sustulit
seque exornavit. Deinde, contemnens suos,
se immiscuit pavonum formoso gregi.
Illi impudenti pennas eripiunt avi
fugantque rostris.

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / *Literatura y léxico:*

4.1. Desenvolva un dos tres temas / *Desarrolle uno de los tres temas:*

4.1.1. Tipos de discursos escritos por Cicerón e algunhas obras representativas / *Tipos de discursos escritos por Cicerón y algunas obras representativas (2,5 puntos).*

4.1.2. Contido e estrutura da *Eneida* de Virxilio / *Contenido y estructura de la Eneida de Virgilio (2,5 puntos).*

4.1.3. Principais temas da poesía lírica de Horacio / *Principales temas de la poesía lírica de Horacio (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / *Responda una de las tres cuestiones:*

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "anteface / antifaz", "excarcerar / excarcelar", "inacción", "preclásico", "superconductor / superconductor" (2,5 puntos: 0,5 cada palabra).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas: "corpore insepulto", "de incognito", "in dubio pro reo", "primus inter pares", "viva voce" (2,5 puntos: 0,5 cada expresión).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Bembibre", "Ourense", "Pedrafita", "Sanxenxo", "Vilalba" (2,5 puntos: 0,5 cada topónimo).*

LATÍN II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corríxirán as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que puede responder un **máximo de 2**. Si responde a más preguntas de las permitidas, **solo se corregirán las 2 primeras respondidas**.*

PREGUNTA 1. Textos e/y gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

Os primeiros cónsules de Roma / *Los primeros cónsules de Roma*

Hinc consules coeperunt, pro uno rege duo. Fuerunt igitur anno primo expulsis regibus consules Iunius Brutus et Tarquinius Collatinus, maritus Lucretiae. Sed Tarquinio Collatino statim sublata est dignitas; accepto omni patrimonio suo ex urbe migravit et loco ipsius factus est Valerius Publicola consul.

1.1. Traduzca o texto / Traduzca el texto (4 puntos).

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).

PREGUNTA 2. Textos e/y gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

Rebelión de gladiadores

In Italia novum bellum subito commotum est. Septuaginta enim et quattuor gladiatores duce Spartaco fugerunt et per Italiam vagantes paene non levius bellum paraverunt. Sexaginta fere milium armatorum exercitum congregaverunt. Victi sunt in Apulia a Licinio Crasso.

2.1. Traduzca o texto / Traduzca el texto (4 puntos).

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).

PREGUNTA 3. Textos e/y gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

A agüa, a gata e a porca brava / El águila, la gata y la jabalina

Aquila in sublimi quercu nidum fecerat;
feles cavernam nancta in media pepererat;
sus nemoris cultrix fetum ad imam posuerat.
Tum fortuitum feles contubernium
fraude et scelestas sic evertit malitia.

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / *Literatura y léxico:*

4.1. Desenvolva un dos tres temas / *Desarrolle uno de los tres temas:*

4.1.1. Contido de tres dos principais discursos de Cicerón / *Contenido de tres de los principales discursos de Cicerón (2,5 puntos).*

4.1.2. Principais características da obra historiográfica de Tito Livio / *Principales características de la obra historiográfica de Tito Livio (2,5 puntos).*

4.1.3. A poesía lírica de Horacio / *La poesía lírica de Horacio (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / *Responda una de las tres cuestiones:*

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "circunvalar", "disfunción", "intramuscular", "posbélico", "suprarrenal" (2,5 puntos: 0,5 cada palabra).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas: "a priori", "Deo volente", "ex cathedra", "lapsus linguae", "urbi et orbi" (2,5 puntos: 0,5 cada expresión).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Armenteira", "Fisterra", "Oleiros", "Poio", "Ribeira" (2,5 puntos: 0,5 cada topónimo).*

ABAU
CONVOCATORIA ORDINARIA
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “O ditador Tito Quincio foi enviado contra os galos, que chegaran a Italia. Estes asentáranse a catro millas da cidade ao outro lado do río Anio. Alí un moi nobre mozo de entre os senadores, Lucio Manlio, matou a un galo que o retaba. Os galos foron postos en fuga; logo foron vencidos polo ditador Sulpicio”.

2.1. “Despois asumiu o poder Servio Tulio, nacido dunha muller nobre, pero prisioneira e escrava. Este tamén someteu os sabinos. Foi o primeiro de todos que ordenou un censo, que aínda era descoñecido por todo o mundo. Foi matado por crime do seu xenro Tarquinio o Soberbio”.

3.1. “Unha gralla, enchida de inútil fachenda, recolleu as plumas que lle caeran a un pavón e adornouse. Despois, desprezando aos seus, mestrouse cun fermoso grupo de pavóns. Eles arrebatánlle as plumas á ave insolente e fana fuxir cos seus picos”.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das

unidades do fragmento e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos tres temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que explicar que tipos de discursos escribiu Cicerón e que características principais definen cada un deses tipos, e hai que citar polo menos unha obra representativa de cada tipo.

4.1.2. Débese explicar o contido e a estrutura da *Eneida* de Virxilio.

4.1.3. Hai que comentar os temas principais da poesía lírica de Horacio. Para acadar a máxima puntuación é suficiente explicar catro temas representativos.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2020

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación

ABAU
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
Ano 2020
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “A partir de aquí comenzaron os cónsules, dous en lugar dun único rei. Foron, pois, cónsules o primeiro ano, unha vez expulsados os reis, Xuño Bruto e Tarquinio Colatino, marido de Lucrecia. Mais a Tarquinio Colatino axiña lle foi retirado o cargo; unha vez recibido todo o seu patrimonio, emigrou da cidade e no seu lugar foi nomeado cónsul Valerio Públícola”.

2.1. “En Italia unha nova guerra orixinouse de súpeto. En efecto, setenta e catro gladiadores baixo a dirección de Espartaco fuxiron e movéndose por Italia prepararon unha guerra case non máis leve. Congregaron un exército de case sesenta mil homes armados. Foron vencidos en Apulia por Licinio Craso”.

3.1. “Unha aguia na parte máis alta dunha aciñeira fixera o niño; unha gata encontrara unha cavidade na metade dela e alí parira; unha porca, habitante do bosque, a camada puxera na súa parte baixa. Entón a gata a casual cohabitación con engano e cruel maldade destruíu”.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das

unidades do fragmento e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos tres temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2020

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación